

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de setembro de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.00 horas do día 16 de setembro de 2020, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Álvaro José Fernández López

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE XULLO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de xullo de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 22 de xullo de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA N.º 2020/10888, DO 28 DE AGOSTO DE 2020, DE PERSONAMENTO NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO N.º PO 7248/2020 INTERPOSTO POR CANTERAS VILLAMARTÍN, SL CONTRA DA RESOLUCIÓN DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA DE DESESTIMAR O RECURSO INTERPOSTO POR ESTA EMPRESA CONTRA Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE TRAZADO PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta se a interposición deste recurso suspende ou paraliza a execución das obras previstas na estrada de Vilamartín.

O **Sr. secretario** contesta que a interposición do recurso non leva efectos suspensivos, sen prexuízo de que a demandante, neste caso Canteras de Villamartín SL, poida solicitalo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en cuxo caso se resolverá sobre a suspensión solicitada. De non acordarse a suspensión, a Deputación deberá ponderar se continúa coas actuacións posteriores ou espera a que se resolva o recurso interposto.

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Ratificar a resolución da Presidencia do 28 de agosto de 2020, co seguinte contido:

“Con data 27/08/2020 a Xefa da Sección Xurídica da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade notificou á Deputación de Ourense que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 0003-A Coruña (en adiante TSXG-003) reclamara a esa Consellería o expediente administrativo da aprobación definitiva do *proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira dende a estrada OU-0807*, promovido pola Deputación de Ourense, ao obxecto de que esta entidade local, como interesada e de conformidade co disposto na Lei reguladora de xurisdición contencioso-administrativa, puidese comparecer e constituírse como parte nos autos ante o órgano xurisdiccional no prazo de 9 días.

O 23 de marzo de 2018 o Pleno da Deputación acordou por unanimidade propoñer ao Consello da Xunta a aprobación definitiva do *proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San*

Vicente de Leira dende a estrada OU-0807 e do expediente de información pública, facendo constar a urxencia da actuación, da que depende dar unha solución axeitada ao acceso ao núcleo de poboación de San Vicente cuxa problemática se ven arrastrando dende hai máis de vinte anos.

Resulta de interese para a defensa dos intereses públicos propios desta Administración a defensa da legalidade do dito proxecto polo que se debe comparecer ante o TSX de Galicia no procedemento ordinario 7248/2020.

A competencia para aprobar este acordo correspóndelle ao Pleno en virtude do disposto o artigo 33.2.i) da LRBRL. Non obstante, e como o prazo para comparecer ante o TSX de Galicia remata o 9 de setembro de 2020 e a próxima sesión ordinaria está fixada para o 25 de setembro de 2020, a competencia correspóndelle ao Presidente en virtude do disposto no artigo 34.i) da dita norma, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

Polo exposto, DISPOÑO:

1. Comparecer e constituírse como parte no procedemento ordinario 7248/2020 que se segue ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia interposto por Canteras Vilamartín SL contra a resolución do Consello da Xunta de Galicia de 30 de xaneiro de 2020, polo que se acorda ter por desistida a Elva Arias León, en representación da Canteras Vilamartín SL sobre a aprobación definitiva do proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807.
2. Ordenar ao Gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios que leve a cabo a defensa dos intereses provinciais no procedemento ordinario 7248/2020 que se segue ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
3. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre a efectos da súa ratificación”.

3º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO ACORDO ANTITRANSFUGUISMO.-

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, explica o contido da moción.

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos, manifesta que vai reserva o voto para o Pleno, se ben é posible que realice unha emenda de engádegas á moción do BNG. Indica que na súa opinión debería engadirse na moción a palabra presunta cando se fala da oferta de 42.000 euros pola compra de vontades, e que na súa opinión o punto terceiro engadido debería ir nunha moción distinta ou votarse por separado.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de DO, manifesta a reserva de voto para o Pleno.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que en termos xerais o seu grupo está conforme co contido da moción, engadindo que non é ético alterar a vontade manifestada polo veciños nas eleccións municipais con este tipo de actuacións.

O **presidente da comisión** sinala nos supostos aos que se fai referencia na moción, en ningún caso se pode falar de transfuguismo. Igualmente, sinala que hai que ser respectuosos coa presunción de inocencia con determinadas acusacións que se fan na moción e que en todo caso, parece ser que a Fiscalía xa recibiu algunha denuncia, polo que haberá que deixar traballar á xustiza neste asunto.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, sinala que evidentemente a mención á compra debe ser cualificada aínda como presunta, se ben non fai máis que recoller as manifestacións que en público realizou unha concelleira do PSOE en Castrelo de Miño sobre esa presunta compra. Engade que a moción é totalmente pertinente, xa que en situacións como estas non se debe esperar a que resolva a xustiza, poñendo como exemplo o que está a ocorrer no Concello de Ourense, onde tampouco houbo unha sentenza e onde o Partido Popular deixou o goberno do concello. Por último, invita a todos os membros da comisión, xa que entenden que isto non é transfuguismo, a que busquen un novo nome para este tipo de actuacións e, en particular, á de DO no Concello de Ourense.

O **presidente da comisión** solicítalle ao propoñente da moción que non desvíe o tema e que, en todo caso, son asuntos que nada teñen que ver, que o pacto con DO na Deputación continúa vixente e o grupo de goberno é único.

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, e ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (3), o voto en contra do Grupo Popular (5) e a abstención de Ciudadanos (1) e DO (1), a comisión **non** ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ningunha organización política do Pleno desta Deputación Provincial apoia que ningún grupo municipal integrante da corporación municipal de Castrelo de Miño, de Viana do Bolo ou de calquera outro concello, nin ningún dos concelleiros e concelleiras das forzas políticas aquí representadas, asinará ou participará en acordos que incumpran o código político e ético derivado do Pacto Antitransfuguismo, como pode ser unha moción de censura.

2º.- Dar traslado deste acordo á dirección das forzas políticas que están representadas nas corporacións de Castrelo de Miño e Viana do Bolo e neste pleno provincial, para que corrixa as actuacións que se desvíen do establecido no Pacto Antitransfuguismo.

3º.- O Pleno da Deputación de Ourense esixe que o presidente da Deputación de Ourense dea “explicacións inminentes claras e documentadas duns acontecementos tan graves” como o tráfico de malversación de fondos públicos da Deputación de Ourense, e da situación cos seus socios no goberno provincial.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.